



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA
CEIP Concepción Arenal

Rúa Marqués de Amboage, 2
15006 A Coruña
Telfs: 881 880 064 / 881 880 066 Fax: 881 880
069
ceip.concepcion.arenal@edu.xunta.es



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipconcepcionarenal/>

PLAN DE CONTINXENCIA CURSO 2020-2021

Este Plan foi elaborado conforme ao Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021: *"o centro educativo elaborará un "Plan de Continxencia no que se establecerán a medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria"*. Polo que, se trata dun plan non pechado e adaptable a evolución epidemiolóxica.

O presente documento ten por obxecto desenvolver as medidas axeitadas e os procesos requeridos do Ceip. Plurilingüe Concepción Arenal, para a educación a distancia e para o reinicio da actividade académica presencial, no caso de ter interrompida ou suspendida a actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho, que supoña o cese da actividade presencial dunha aula, etapa educativa ou todo o centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.
4. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
5. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo COVID 19 (dirección do centro ou suplente) contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo.

Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a xefatura de sanidade.

6. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

7. Trala **aparición dun caso diagnóstico da Covid 19** seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

8. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

9. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

- ◆ A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.
- ◆ Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

10. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

11. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

ACTUACIONES PARA DESENVOLVER A ACTIVIDADE DOCENTE EN PERIODO LECTIVO NON PRESENCIAL

O ensino non presencial será impartido polo profesorado adscrito do alumnado, preferentemente a través da aula virtual, espazo web, blog de aula ou outro medio de ser o caso...

O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que dispoña a Consellería para a súa utilización. Igualmente o/a profesor/a poderá propor tarefas ao alumnado para que poidan reforzar os contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

O equipo COVID coa colaboración de titores/as identificará ao alumnado con problemas de conectividade ou falta de equipamento.

Nas reunión de inicio de curso, o profesorado concretará coas familias e igualmente na aula co alumnado, aqueles recursos telemáticos que serán utilizados en caso de docencia a distancia.

Para o período de suspensión da actividade docente presencial o noso centro educativo pretende tomar as seguintes medidas:

Tanto en **Educ. Infantil** coma en **Educ. Primaria** realizaráse a comunicación coas familias, sempre que sexa posible, polos seguintes medios:

1. Abalar Móvil e/ou por teléfono.
2. Utilizaremos as videoconferencias da Cisco-Webex corporativa co fin de reforzar os vínculos emocionais entre o alumnado.
3. Facilitaremos un correo electrónico a todas as familias, xerado para cada aula.
4. Utilizaremos a aula virtual corporativa para o envío e recollida de tarefas.
5. Manteremos as comunicacións máis salientables na páxina web do centro.

En todo momento, e sempre que contemos coa información que aporten as familias, notificarase á Orientadora e Directora do centro, as circunstancias do alumnado desconectado e que non poida acceder a estes medios expostos.

De igual xeito, a Orientadora, en colaboración cos titores-as e xefe de estudos, porá a disposición os recursos existentes para atender ao alumnado de necesidades específicas de apoio educativo. O profesorado de PT e AL utilizará, sempre que sexa posible, o Cisco Webex para videoconferencias, para a realización dos apoios individuais ou de pequeno grupo. Tamén a aula virtual, chamadas telefónicas e/ou enderezo electrónico.

MEDIDAS PARA O REGRESO AS AULAS DESPOIS DUN ABROCHO

Fase 1: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Será prioritario unha revisión de materiais e espazos, así como desinfección e limpeza exhaustivas.

Aplicaranse totalmente as medidas descritas no punto anterior.

Fase 2: Duración: 1 semana A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 33 %. Poderá ser voluntario e/ou valorar que acudan os que non teñen maiores na casa, e dar prioridade aos que precisan máis apoio e atención.

Insistiremos co alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.

Para o alumnado que non asiste presencialmente aplicaranse as medidas descritas no punto anterior.

Fase 3 : Duración de unha semana. A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 66%. Poderá ser voluntario e/ou valorar que acudan os que non teñen maiores na casa que os atendan e dar prioridade aos que precisan máis apoio e atención.

Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos na fase 2.

Para o alumnado que non asiste presencialmente aplicaranse as medidas descritas no punto anterior.

Fase 4: (Fase de reactivación) Volverá obrigatoriamente o 100% do alumnado. Reforzaranse as medidas de seguridade e hixiene presentadas nas fases 2 e 3.

O Equipo Directivo

Setembro 2020

ANEXO I

LIÑAS XERAIS DO PLAN DE ACTUACIÓN PARA GARANTIR A ATENCIÓN VIRTUAL AO ALUMNADO VULNERABLE

CEIP PLURILINGÜE CONCEPCION ARENAL A CORUÑA

PARTE 1: DESEÑO DO PLAN

1. INTRODUCCIÓN

Ante a Resolución do 18 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do ensino virtual garantindo a atención á diversidade e se establece un Plan específico de actuación. O CEIP Plurilingüe Concepción Arenal, organiza o deseño de dito Plan tendo en conta o seguinte:

- Dado que o plan é personalizado e que cada alumno ten un contexto diferente entendemos que o que imos a establecer serán unhas bases ou guías de actuación de cara a unha posible intervención.
- En cada momento, tendo en conta a situación real na que se precise levar a cabo o plan, adoptaranse as medidas oportunas seguindo o modelo presentado (Ver páxinas 6-7).
- Na primeira parte do plan aparece a información necesaria para o deseño do plan e na segunda o modelo presentado para cubri-lo cando sexa necesario de cara a un peche de aula ou centro ou confinamento de alumnado.

2. OBXECTIVO:

Elaborar un plan específico de actuación personalizado que garantice ensino e o aprendizaxe ao alumnado vulnerable.

3. DESTINATARIOS:

Alumnado en situación de especial vulnerabilidade na modalidade de ensino virtual, ao presentar NEE, atraso madurativo, trastorno do desenvolvemento da linguaxe e a

comunicación, por trastorno da atención ou do aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socio educativa, por altas capacidades ou por incorporación tardía ao sistema educativo ademais de por condicións persoais ou de historia familiar.

4. FORMACIÓN PARA AS FAMILIAS

As sesións de formación para as familias xa se fixeron a principios de curso pero, en caso de incorporación de novo alumnado, recolleremos a información necesaria e darase o curso ás novas familias, de seren necesario. Tamén se lles entregará a enquisa que o equipo TIC elaborou a principios do presente curso.

5. FORMACIÓN PARA O PROFESORADO

A Consellería de educación, polos canles oficiais que diseña, oferta formación específica para o profesorado, formación xa recibida por todos os membros do actual claustro 2020-21.

6. DESEÑO DO PLAN ESPECÍFICO

Deseñarase a docencia en liña en coordinación cos profesionais cunha boa planificación das actividades e dun horario de atención ao alumnado cos descansos oportunos.

No momento en que xurda a necesidade organizarase a través da proposta do equipo directivo e da xefatura de estudos en coordinación co D.O as reunións pertinentes por parte do profesorado para a coordinación das actividades a desenvolver co neno/a e a organización de horarios para a súa atención. O responsable de coordinar o plan será o titor/a do alumnado afectado xa que é o que ten un contacto máis directo coas familias e un maior coñecemento das necesidades e aspectos a mellorar dentro do proceso de ensino e aprendizaxe.

ACCIÓN	RESPONSABLE
--------	-------------

Coordinación do plan específico de actuación.	Dirección do centro, a través da xefatura de estudos, se é o caso, do deseño e coordinación do Plan específico de actuación.
Organizar os horarios das reunións	Dirección do centro a través da xefatura de estudos, adaptará o horario de atención ao alumnado á participación do profesorado con dispoñibilidade horaria realiza tarefas de apoio.
Organizar horarios de atención ao alumnado	Titor/a, D.O e Xefatura de estudos. Incluirase un horario para que os especialistas conten cun tempo de a lo menos media hora para falar ou aclarar aspectos cos nenos e as familias polos medios que se consideren oportunos
Atención individualizada por parte dos especialistas	Profesorado especialista. Organizado dende o centro e de xeito particular (familia-especialista) si se considera necesario.
Comunicación coas familias	Será o titor/a quen informe de todo o proceso dende o posible horario (consensuado coa familia) ata o xeito de avaliación.
Avaliación para as familias	Cada profesor/a elaborará coa proposta de tarefas uns criterios de avaliación concretos que se comunicarán ás familias
Xeito de comunicación coas familias	Todos os integrantes do equipo docente a través de: teléfono, correo electrónico, abalar, videoconferencia...ou por calquera outro que acorden as partes.
ARCO, PROA, especialistas...	Serán estes profesionais os que de xeito persoal se comuniquen coas familias e acorden as intervencións directas co neno ou con elas en coordinación co titor/a.
Atención médica, fisioterapia ou persoal coidador	Neste momento será o coidador quen seguirá mantendo contacto con este alumnado e coas familias proporcionando pautas para o seu coidado.
Recursos	Equipo directivo e equipo TIC. Identificaranse os recursos necesarios para garantir o ensino virtual que fose necesario desprazar ao fogar así como o procedemento para levalo a cabo. No caso de non dispoñer do equipo necesario para o alumnado, solicitarase para a Xestión do Equipamento Dixital COVID 19. https://www.edu.xunta.gal/portal/familiasealumnado/medidas-coronavirus
Incidencia nas programacións e ACS	Equipo docente. Terase en conta o deseño de tarefas ou proxectos INTERDISCIPLINARES que inclúan o maior número de materias posibles dirixidas ao reforzo das áreas instrumentais e competencias clave.

	(Nas reunións programadas pola xefatura realizaranse propostas e execución deste traballo interdisciplinar coa finalidade de coordinar e facilitar a adquisición das competencias clave.
Funcións dos equipos docentes nas reunións	<ul style="list-style-type: none"> - Establecer pautas para tarefas, proxectos, tempos de traballo, apoios, guías ou videotutoriais. - Compartir información sobre o alumnado e facer unha valoración de logros e necesidade tanto a nivel grupal como a nivel individual, aportando indicadores de seguimento. - Coordinar os plans de traballo, evitando a sobrecarga de tarefas. - Favorecer redes naturais de apoio no contorno en liña mediante traballo cooperativo entre iguais...
Funcións D.O	<ul style="list-style-type: none"> - Xunto co profesorado titor e os equipos docentes, recoller información das situacións de especial dificultade do alumnado, asesoramento sobre medidas organizativas, metodolóxicas, de reforzo educativo e no seu caso, realizando o seguimento ou adecuación das ACS. - Xunto co profesorado titor e os equipos docentes, revisión do desenvolvemento e avaliación dos diferentes plans e programas: para a mellora da aprendizaxe, de reforzo educativo, altas capacidades. Terase en conta o deseño de tarefas multinivel para facilitar a execución por parte de todo o alumnado. Medidas organizativas, metodolóxicas, de reforzo educativo e no seu caso, realizando o seguimento ou adecuación das ACS. - Asesoramento ao equipo directivo e ao docente no relativo ao benestar emocional da comunidade educativa. Así como apoio emocional das familias do alumnado coas NEAE. Facilitar mecanismos e ferramentas para a mellora no período de confinamento, illamento ou cuarentena, ordeando por importancia as tarefas escolares, a estabilidade emocional e a convivencia na familia.

	<ul style="list-style-type: none">- Seguimento do alumnado en coordinación cos equipos docentes evitando o risco de abandono escolar ou unha desconexión temporal por mor do confinamento.- Asesoramento ao equipo docente na elaboración e posta en práctica da avaliación educativa. Tendo en conta os protocolos educativos de atención A Diversidade.- Adaptación ao horario de atención ao alumnado das intervencións do profesoral especialista en PT e AL contemplando como se levará a cabo ese apoio e intervención. De facerse apoio na aula, realizará tamén esta función na clase en liña sempre que sexa posible, con independencia da necesidade de atención individualizada.- Coordinación de apoio e intervención de profesionais externos en virtude de convenios de ser o caso.- Seguimento do alumnado con NEAE que ten informe psicopedagóxico, tanto co profesorado que o atende como co propio alumnado e coas familias. Tratando de asesorar sobre as medidas propostas no infome e sobre os posibles axustes que a situación require. Coordinación de apoio e intervención de profesionais externos en virtude de convenios de ser o caso.- Orientacións nos cambios metodolóxicos derivados do confinamento e do ensino virtual. Trátase de que o profesorado faga fincapé nos contidos nucleares do currículo, centrándose nos aspectos de carácter máis instrumental, deseñando actividades de metaaprendizaxe, facilitando instrucións moi claras, dando pista para que o alumnado busque información para realizar as tarefas, proporcionando recursos para que se autocorrixan, facilitando estratexias de meta-avaliación, etc.
--	---

	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación das posibles situacións de estigmatización do alumnado e persoal que puidese ter estado exposto á COVID19, de cara a evitar estas situacións. - Apoio, de ser o caso na recuperación do vínculo escolar do alumnado desconectado do sistema
--	---

<u>Temporalización</u>	<u>Mínimo 14 días</u>
<u>APOIOS AO PLAN</u>	O EOE coordinará coas xefaturas dos D.O. no asesoramento á comunidade educativa para deseñar e desenvolver o plan individualizado de ensino virtual do alumnado.
<u>PROPOSTA</u>	Os horarios de apoio dos especialistas, titores/as para o presente plan será no momento en que teña que realizar outras tarefas que non impliquen intervención directa na aula, serán aproveitados para este tipo de contactos: gardas (en caso de non precisarse, horario TIC, Biblioteca...). O motivo desta proposta é para non alterar o orde do horario espello no caso de que sexa un peche xeral do centro e non interromper o desenvolvemento das aulas presenciais.

7. LEXISLACIÓN:

D 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CCAA de Galicia

Lei Orgánica 2/2006, de educación coa redacción dada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro deberá axustar as instrucións do 14 de decembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidades, relativas ao uso dos servizos

educativos dixitais corporativos no marco da emerxencia sanitaria derivada da pandemia COVID 19.

Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional apróbase o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centro educativos no contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitarios sostidos con fondos públicos da CCAA de Galicia para o curso 2020-21.

Axenda 2030 das Nacións Unidas para o desenvolvemento sostible.

PARTE 2. MODELO XERAL DO PLAN

PLAN ESPECÍFICO DE ACTUACIÓN QUE GARANTA O ENSINO E APRENDIZAXE AO ALUMNADO VULNERABLE, NUN CONTEXTO DE ENSINO NON PRESENCIAL.

ALUMNO/A:

PROFESORADO IMPLICADO:

TITOR/A:

D.O:

ORGANIZACION DO PLAN:

1. REUNIÓNS CELEBRADAS E ACORDOS ACADADOS ENTRE TODO O EQUIPO DOCENTE. (Presenciais ou virtuais)

(Acordar horarios de atención directa, xeito no que se vai a traballar e a súa avaliación, Presentación dos horarios do profesorado para poder coordinar coas familias, outros...)

1. ACORDOS FINAIS ENTRE FAMILIA E TITORIA

(Organizar horarios de atención directa. Disponibilidade do profesorado e das familias. Recursos necesarios e plataformas ou medios de comunicación acordados).

2. ACTIVIDADES A DESENVOLVER: ARCO, PROA, COIDADOR...

Programar as actividades de todos os equipos docentes que intervienen, poideran favorecer a docencia a distancia.

3. ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS PARA INTEGRAR AS ACTIVIDADES DENTRO DA PROGRAMACIÓN.

Especificar os obxectivos e criterios de avaliación.

4. AVALIACIÓN DO ALUMNO/A CARA ÁS FAMILIAS

Especificar os estándares que imos a valorar.

5. ASPECTOS A MELLORAR

Especificar aqueles aspectos que non debemos repetir, aqueles que non funcionaron e aqueles a correxir que poideran mellorar a practica docente e o feed-back co alumnado e as familias.

6. OUTROS: